

Formas neolóxicas galegas e éuscaras: un estudo contrastivo*

Neologic forms in Galician and Basque: a contrastive study

Xabier Irastortza Urbietta

(Euskal Herriko Unibertsitatea (EHU-UPV) / xabier.irastortza@ehu.eus)

Data de recepción: 11/09/2025 – Data de aceptación: 07/11/2025

Resumo: Neste traballo realízase un estudo contrastivo da xeración neolóxica actual da lingua galega e a lingua éuscara. Con ese fin, formouse unha base de datos composta por 160 artigos periodísticos e divulgativos para identificar neoloxismos neles e contrastar os seus procedementos de formación, campos semánticos, frecuencias de uso e outras variables lingüísticas. Os obxectivos do estudo son tres: investigar as diferenzas na produción neolóxica debida á distinta tipoloxía das dúas linguas, comparar a cantidade e a riqueza na devandita produción e investigar posibles influencias das linguas distintas ás estudadas. As conclusións deducidas apuntan cara a diferenzas relevantes nos procedementos de formación neolóxica, sendo a derivación o principal en galego e a composición en éuscaro. Amais, o estudo fai visible unha gran produción neolóxica nas dúas linguas, principalmente de neoloxismos formais, máis tamén de empréstitos provenientes na súa maioría do inglés e do castelán.

Palabraschave: Neoloxía, lingüística contrastiva, linguas galega e éuscara, tipoloxía lingüística.

Sumario: 1. Introducción. 1.1. Obxectivos do traballo. 1.2. Antecedentes. 2. Metodoloxía. 2.1. Corpus de investigación. 2.2. Recursos lexicográficos e corpus de referencia. 2.3. Identificación de formas neolóxicas. 2.4. Análise lingüística. 2.5. Soporte técnico. 3. Resultados. 3.1. Xerais. 3.1.1. Procedementos de formación. 3.1.2. Presenza dos neoloxismos nos corpus de referencia. 3.1.3. Campos semánticos dos neoloxismos. 3.2. Neoloxismos por derivación. 3.2.1. Prefixación. 3.2.2. Sufixación. 3.2.3. Parasíntese. 3.3. Neoloxismos por composición. 3.3.1. Composición patrimonial. 3.3.2. Composición híbrida e culta. 3.4. Empréstitos. 3.4.1. Adaptados. 3.4.2. Sen adaptacións. 3.5. Outros neoloxismos. 3.6. Formas interferentes. 4. Conclusións. 4.1. Diferenzas tipolóxicas. 4.2. Vitalidade lingüística. 4.3. Influencia das linguas hexemónicas. Referencias bibliográficas.

Abstract: The aim of this study is to conduct a contrastive analysis of neologism generation in Basque and Galician. To this end, a database comprising 160 articles—both journalistic and popular science texts—was created and used to analyse the formation processes, semantic fields, usage frequencies, and other linguistic variables of the identified neologisms. The objectives of the study were threefold: to investigate the influence of typological differences on neological production in both languages, to compare the quantity and diversity of that production, and to identify potential influences from other languages. The research concludes that there are significant differences between Basque and Galician neological production, with derivation being the primary process for creating neologisms in Galician, and composition in Basque. Furthermore, the study reveals abundant neological production in both languages, consisting mainly of formal neologisms but also loanwords originating primarily from English and Spanish.

Keywords: Neology, Contrastive Linguistics, Basque Language, Linguistic Typology.

* Agradézolle ao profesor Alexandre Rodríguez Guerra da Universidade de Vigo a súa axuda.

Contents: 1. Introduction. 1.1. Research objectives. 1.2. Background. 2. Methodology. 2.1. Research corpus. 2.2. Lexicographic resources and reference corpus. 2.3. Identification of neologisms. 2.4. Linguistic analysis. 2.5. Technical support. 3. Results. 3.1. General. 3.1.1. Training procedures. 3.1.2. Presence of neologisms in reference corpora. 3.1.3. Semantic fields of neologisms. 3.2. Neologisms by derivation. 3.2.1. Prefixation. 3.2.2. Suffixation. 3.2.3. Parasyntesis. 3.3. Neologisms by composition. 3.3.1. Heritage composition. 3.3.2. Hybrid and cultured composition. 3.4. Borrowings. 3.4.1. Adaptations. 3.4.2. Without adaptations. 3.5. Other neologisms. 3.6. Interfering forms. 4. Conclusions. 4.1. Typological differences. 4.2. Linguistic vitality. 4.3. Influence of hegemonic languages. Bibliographic references.

1. Introducción

As mudanzas sociais e as innovacións tanto técnicas como conceptuais acentuáronse no último século, acelerando a creación léxica das linguas. Cada novo significado precisa dun significante, que cada lingua asigna mediante un proceso nomeado como produción neolóxica. Esa produción depende en parte das características tipolóxicas das linguas, pois cada unha delas atopa un camiño para transmitir o novo significado. Non obstante, neste mundo cada vez máis globalizado en que nos atopamos, deberíanse considerar outras variables que inflúen na produción neolóxica, como o contacto lingüístico que teñen as linguas e as dinámicas que acontecen nese contacto, o nivel de estandarización das linguas, as variables sociolingüísticas como o prestixio da lingua e máis.

Este traballo centrouse en investigar e comparar a produción neolóxica de dúas linguas non hexemónicas da Península Ibérica: o galego –lingua propia da Galiza, membro da familia iberorromance e falada por arredor de 3 millóns de persoas– e o éuscaro –lingua propia de Euskal Herria, lingua illada e falada por arredor de 1 millón de persoas–. A comparación sostense en dúas características das linguas. Unha delas afástaas, a diferenza tipolóxica entre ambas as linguas, e a outra variable achégaas, a semellante situación sociolingüística en que se atopan: co mesmo status de oficialidade, baixo o contacto lingüístico do castelán e con similares institucións normativas e dinámicas políticas. Partindo desas dúas características, avaliarase a maior ou menor proximidade ou afastamento entre as dúas linguas no eido da investigación neolóxica.

1.1. Obxectivos do traballo

Para concretar a formulación do traballo definíronse tres obxectivos fundamentais:

- O1. Diferenzas tipolóxicas. Cómpre saber se o galego e o éuscaro teñen diferenzas relevantes no uso de procedementos de formación de neoloxismos debido á súa distancia tipolóxica. A hipótese ideada, intuitivamente, foi que esa diferenza existe e que os neoloxismos galegos –sendo unha lingua fusionante– tenderían máis a empregar procedementos de derivación, mentres que no éuscaro –sendo unha lingua aglutinante– serían máis comúns os neoloxismos compostos.
- O2. Vitalidade lingüística. As linguas vivas producen neoloxismos, por iso, a produción neolóxica é un trazo relevante da vitalidade dunha lingua. Por tanto, outro obxectivo foi coñecer a cantidade de neoloxismos en ambas as linguas. Considerando que as dúas linguas teñen un estado de prestixio social semellante, formulouse unha hipótese que apostou pola similitude na abundancia neolóxica, tanto en textos académicos como en máis informais, posto que as dúas linguas foron incorporadas ao sistemas escolar e universitario.

- O3. Influencia das linguas hexemónicas. Os falantes do éuscaro e do galego dominan na súa maioría o castelán e a lingua inglesa posúe o prestixio da lingua global. Con iso en mente, o terceiro obxectivo do traballo foi explorar a influencia das devanditas linguas hexemónicas e outras na produción neolóxica do éuscaro e do galego. Esperouse un efecto semellante nas dúas linguas, sendo o castelán e o inglés as maiores fontes de empréstitos, o inglés sobre todo en textos técnicos.

Para completar os obxectivos, analizáronse tanto textos periodísticos como divulgativos de actualidade nas dúas linguas. Os detalles metodolóxicos van ser expostos nas seccións vindeiras. Antes diso, desenvolveranse algúns antecedentes chave para a realización deste traballo.

1.2. Antecedentes

A investigación da neoloxía foi medrando dende a década de 1960, cando comezaron a poñerse as bases que seguen os estudos actuais. Guilbert (1973) sitúa a investigación neolóxica no campo da sincronía e acouta a extensión do campo afirmando que a neoloxía afecta a todas as dimensións do sistema lingüístico, é dicir, á fonética, á morfoloxía, á sintaxe e ao léxico. Tamén outros autores como Quemada (1971) e Deroy (1971) axudaron a establecer os alicerces do campo de estudo. Cómpre mencionar o traballo de Boulanger (1989) como unha síntese dos primeiros traballos de investigación neolóxica, centrados na súa maioría na francofonía. O interese da francofonía na neoloxía foi elevado dende as súas orixes, suscitado, como afirma Boulanger (1989), pola inquietude dos franceses de perder o papel de lingua internacional, debido á supremacía do inglés na creación terminolóxica de campos innovadores como a informática.

Máis recentemente, a investigación neolóxica estendeuse cara a máis linguas, e na Península Ibérica resaltou o Observatori de Neologia (OBNEO), nado en 1988 na Universidade de Barcelona. As súas investigacións arredor do catalán e o castelán asentaron unha metodoloxía de traballo para a detección e clasificación de neoloxismos (Cabrè e Estopá, 2004), que serviu de precedente para outros grupos de investigación ibéricos. Tanto o galego como o éuscaro contan hoxe en día con observatorios neolóxicos, sendo respectivamente, o Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo e a Neoloteka do centro vasco UZEI. Fóra da Península Ibérica, tamén son tomados como referentes os estudos do OBNEO, entre outros, para o estudo de formas neolóxicas da lingua quechua (Gálvez Astorayme *et alii*, 2022).

Respecto ás linguas estudadas nesta pescuda, en galego destaca o traballo de Gómez Clemente e Rodríguez Guerra (2003), no que identificaron e analizaron máis de 7000 neoloxismos en textos de prensa galegos. Demostraron que o galego ten unha produción neolóxica elevada, pese a ser unha lingua minoritaria, e que a maioría dos neoloxismos son formais, inda que o número de empréstitos tamén

sexa relevante. Na lingua éuscara, é de mencionar o traballo de Alberdi Larizgoitia (2010), que estudou o efecto dos calcos lingüísticos na linguaxe académica do éuscara. Cabe mencionar tamén a tese de doutoramento de Gómez Sánchez (2008), que estudou a creación neolóxica do éuscara no ámbito da odontoloxía, analizando os procedementos de formación de neoloxismos e a súa frecuencia.

Este estudo realízase dende a perspectiva da lingüística contrastiva, e nese sentido, tamén se publicaron traballos previos que serviron de modelo. Entre outros, débese mencionar o estudo contrastivo dos neoloxismos galegos e italianos en textos de prensa de Rodríguez Guerra (2015) ou o estudo contrastivo de neoloxía do chinés e inglés de Cheng (2018). Aínda que non trate de neoloxía, existen traballos previos que contrastan as dúas linguas deste estudo, como o traballo de Carril Sánchez (2023) que contrasta os procesos de estandarización do éuscara e do galego, ou o traballo de Lizeaga Elizalde (2017) que contrasta as identidades lingüísticas de falantes éuscaros, galegos e irlandeses.

2. Metodoloxía

Tras a presentación dos obxectivos e dos antecedentes, esta sección dedícase á metodoloxía empregada ao longo do traballo.

2.1. Corpus de investigación

Un dos cimentos deste traballo é o corpus de investigación creado para realizar o estudo contrastivo entre o galego e o éuscara. O corpus formouse con textos de prensa e divulgación, para posibilitar extraer conclusións xeneralizables e non exclusivos de tan só un tipo de texto. Na escolla das fontes de textos premíuse a comparabilidade dos mesmos entre as linguas e o seu recoñecemento na comunidade de falantes. Desesta forma, os textos de prensa foron escollidos do diario vasco *Berría* e do galego *Nós Diario*. En cambio, os textos divulgativos escolléronse da páxina web éuscara *Zientzia.eus* e da galega *Gciencia.com*. Tódalas fontes editáanse integramente na lingua correspondente.

Na investigación neolóxica é imprescindible que os textos analizados sexan de actualidade. Para iso, escolléronse unicamente textos editados nun intervalo temporal que comeza o 1 de xaneiro de 2025 e remata o 31 de marzo do mesmo ano. Nos textos periodísticos, seleccionáronse só artigos de opinión, debido a súa menor uniformidade, autorías máis diversas e un rexistro máis flexible destes textos, que se considerou máis propicio para atopar formas neolóxicas. No tocante aos textos divulgativos, proceden de cinco campos do coñecemento: medicina, bioloxía, astronomía, física e tecnoloxía. O número de textos escollidos de cada campo foi parello en ambas as linguas, favorecendo a comparabilidade. Pola súa

parte, a escolla dos textos, garantindo que cumprían as condicións descritas, foi aleatoria, sen lecturas previas para evitar nesgos no proceso. A Táboa 1 describe o corpus de investigación polo miúdo.

Tipo de texto	Galego		Éuscaro		Total
	Artigos	Palabras ortográficas	Artigos	Palabras ortográficas	
Prensa	40	18.143	40	19.894	80 (38.037 pal.)
Divulgación	40	33.756	40	15.484	80 (49.240 pal.)
Total	80	51.899	80	35.378	160 (87.277 pal.)

Táboa 1: Descrición do corpus en que se basea a investigación.

Na Táboa 1 pódese observar un desequilibrio destacado entre os números de palabras examinadas na lingua galega e a éuscaro. Nesta última lingua os artigos de divulgación escolmados teñen unha extensión notablemente menor, o que produciu o desequilibrio. De calquera maneira, o tamaño do corpus de investigación considérase suficiente para realizar o estudo contrastivo, valéndose de números relativos.

2.2. Recursos lexicográficos e corpus de referencia

A identificación das formas neolóxicas e a descrición das mesmas demanda o uso de dicionarios e corpus de referencia nas dúas linguas contrastadas. A continuación detállanse os recursos empregados en cada lingua:

- Galego. O dicionario normativo da Real Academia Galega, o *Gran dicionario Xerais da lingua* e o *Dicionario Digalego* foron os utilizados como corpus de exclusión lexicográfica (véx. §2.3.). O corpus lingüístico de referencia empregado foi o CORGA e tódalas procuras realizáronse na sección de textos etiquetados automaticamente. En total, consta de máis de 45 millóns de palabras provenientes de obras de distintos xéneros, dende os literarios ata os divulgativos. O intervalo temporal recollido polo corpus parte do ano 1975 e remata no ano 2024.
- Éuscaro. Os dicionarios que compoñen o corpus de exclusión lexicográfica foron o dicionario normativo da Euskaltzaindia e o *Dicionario Elhuyar*, outro dicionario xeneralista con amplo uso social. O corpus de referencia usado foi principalmente o *Egungo Testuen Corpusa*, composto maioritariamente por textos periodísticos e enciclopédicos, que suman máis de 430 millóns de palabras. Tamén se fixeron algunhas consultas no corpus Garaterm, especializado en textos científicos e divulgativos, nos casos necesarios. O intervalo temporal abranguido polos dous corpus parte no ano 2001 e remata no 2023.

Nótese que se tentou equilibrar as dimensións e a tipoloxía dos recursos de referencia utilizados, para así lograr que interferisen o mínimo posíbel na identificación de neoloxismos e na súa descrición, pois depende en gran medida

dos recursos expostos. As versións empregadas de tódolos recursos lingüísticos foron as dispoñibles en liña en agosto de 2025.

2.3. Identificación de formas neolóxicas

A identificación de formas neolóxicas baseouse no criterio lexicográfico, que consiste en aceptar como candidato a neoloxismo calquera forma que non estea presente no corpus de exclusión lexicográfica, a miúdo formado por unha colección dos principais dicionarios da lingua. Neste traballo definíronse dous corpus de exclusión, un por lingua, compostos pola suma das entradas dos dicionarios de referencia expostos na subsección anterior.

Para facilitar a identificación das formas que non están presentes no corpus de exclusión lexicográfica, os textos do corpus de investigación procesáronse mediante un corrector ortográfico automático. Deste xeito, sobresaen as formas que non cumpren o criterio lexicográfico, subliñados polo corrector. O corrector ortográfico empregado en textos galegos foi o OrtoGAL e nos éscaros o Xuxen.

Non obstante, varias formas que non aparecen no corpus de exclusión lexicográfica deben ser desbotados como neoloxismos. Entre eles, débense subliñar as formas froito de erros ortotipográficos que non teñen motivación semántica ningunha, os nomes propios que non foron gramaticalizados, ou citas acoutadas doutras linguas. Todos eles foron desbotados. Amais, as formas interferentes, sendo as máis comúns os castelanismos e os anglicismos, tampouco foron clasificados como neoloxismos. Así e todo, nestes casos si se levou un rexistro dos mesmos. Para diferencialos dos neoloxismos, utilizouse o seguinte criterio: calquera forma ausente no corpus de exclusión lexicográfica, pero que o seu significado concreto estivese representado no corpus mediante outra forma aceptada, considerouse como forma interferente.

Os neoloxismos compostos, formados por máis dunha palabra ortográfica pero que conforman unha mesma unidade léxica, son máis difíciles de identificar por medio dos correctores ortográficos, xa que tan só se centran nos seus compoñentes ortográficos (o mesmo que acontece cos neoloxismos semánticos). Por iso, cada texto do corpus de investigación foi analizado tamén manualmente en busca de neoloxismos compostos e semánticos. Estes neoloxismos compostos presentan unha dificultade engadida, porque considerar un conxunto de palabras como tal pode ser discutible. Con ánimo de sistematizar e obxectivar a identificación dos neoloxismos compostos, empregouse maiormente o criterio semántico, explicado por Freixeiro Mato (1999), quen condiciona a consideración como neoloxismo a que o significado que transmite a forma non sexa a suma dos significados dos seus compoñentes, senón que achegue unha dimensión semántica nova (significado non compositivo). Exemplo desa dimensión semántica innovadora sería que a forma composta residise nun campo semántico distinto ao dos seus compoñentes, ou que

os significados literais dos seus compoñentes tomasen un sentido figurado na forma composta.

2.4. Análise lingüística

Tendo o corpus de investigación formado e contando cos recursos lingüísticos e criterios teóricos definidos nas subseccións previas, procedeuse a realizar a análise lingüística dos textos. Por cada neoloxismo identificado, a súa descrición estruturouse en catro grupos de variables: as variables relativas á formación dos neoloxismos, ao campo semántico, á sintagmación e á frecuencia de uso.

Os resultados deste traballo baséanse en gran medida nas variables relativas á formación neolóxica. Seguindo a proposta de Gómez Clemente e Rodríguez Guerra (2003), cada neoloxismo foi clasificado en catro grupos: os formados por derivación, por composición, os empréstitos e un último grupo que aglutina os demais procedementos. A continuación explícanse os criterios de clasificación:

- Derivación. Fíxose distinción entre os construídos por prefixación, sufixación e parasíntese. Todo neoloxismo formado por prefixos ou sufixos propios da lingua galega ou éuscara interpretouse como formado por derivación. Os prefixos ou sufixos propios das linguas clásicas non se consideraron como propios, e neses casos, os neoloxismos clasificáronse como composición híbrida, ou no seu caso, culta. Os neoloxismos formados por partículas derivativas procedentes doutras linguas clasificáronse como empréstitos. Nos casos en que existisen tanto prefixos como sufixos no mesmo neoloxismo e non estivese clara a orde de ingreso na palabra, ben porque ningunha forma intermedia –só prefixada ou sufixada– púidose atopar no corpus de exclusión (ou no de creacións neolóxicas), ou ben porque ambas as formas intermedias atópanse no dito corpus, considerouse que o neoloxismo foi formado por parasíntese.
- Composición. Nesta categoría diferenciáronse as composicións cultas, híbridas e patrimoniais. Cando as partes que constitúen un neoloxismo son partículas propias das linguas clásicas –o latín e o grego–, considerouse que a formación de dito neoloxismo responde a unha composición culta. No caso de que un dos mencionados compoñentes fose unha partícula culta e outra propia da lingua galega ou éuscara, o neoloxismo clasificouse como composto híbrido. Para rematar, se a composición ocorrese entre dúas partículas propias da lingua galega ou éuscara, o neoloxismo clasificouse como composto patrimonial. A identificación das partículas das linguas clásicas fíxose seguindo a lista de prefixos e sufixos dos autores Gómez Clemente e Rodríguez Guerra (2003), cunha única diferenza: o prefixo *auto-* non se clasificou como formante culto na lingua galega, pois os traballos de Fernández Berrocal (2020 e 2024) demostraron que

o devandito formante se comporta na actualidade como un prefixo propio do galego.

- Empréstitos. Aquelas formas provenientes de linguas alleas ás estudadas e que achegan novos significados ás mesmas, consideráronse como empréstitos. Diferenciáronse entre os empréstitos os adaptados á lingua receptora, os empréstitos en que non se percibe nin adaptacións nin trazos alleos á lingua receptora –nomeados como empréstitos neutros– e os empréstitos que conservan trazos orixinarios alleos á lingua estudada. Calquera forma que puidera ser explicada mediante un procedemento interno da lingua –como a derivación, a composición ou outros– non se considerou como empréstito, exceptuando os casos nos que había evidencia de influencia externa. Deste xeito, asegurouse que as formas fosen clasificadas como empréstitos con certeza, evitando incoherencias.
- Outros procedementos de formación. Dentro desta categoría aglutináronse os neoloxismos semánticos, por abreviación, por siglación e os neoloxismos construídos sobre outros compoñentes neolóxicos. A aglutinación débese á menor cantidade deste tipo de neoloxismos. Os neoloxismos semánticos son formas xa existentes no corpus de exclusión, pero que adquiren un novo significado. Os neoloxismos por abreviación e siglación son aqueles que nacen de formas abreviadas e siglas, respectivamente. Para rematar, clasificáronse como formacións neolóxicas recorrentes aquelas en que un ou varios dos compostos dos neoloxismos non existe no corpus de exclusión, pero que é diferenciable e de creación interna da lingua.

Alén da clasificación dos neoloxismos segundo o procedemento de formación, foron descritos os seus compoñentes e outras características relacionadas coa formación mediante variables adicionais. No caso dos neoloxismos por derivación e composición, dividíronse as formas nos seus compoñentes –describindo os prefixos, sufixos e infixos– coa categoría gramatical de cada compoñente. Nos empréstitos inferiuse a lingua de procedencia e a súa forma orixinal na devandita lingua. Outra variable considerada foi a categoría gramatical de cada neoloxismo. Estas variables permitiron facer comparacións máis profundas e obter conclusións máis rigorosas, mostradas na sección dos resultados.

Por outra banda, unha parte da análise concéntrase nos campos semánticos das formas neolóxicas. Para a clasificación sistemática empregáronse dúas variables relacionadas: o campo semántico principal dos neoloxismos e o subcampo semántico dos mesmos, como segundo nivel de detalle. A determinación do campo semántico dos neoloxismos baséase puramente na definición dos mesmos, sen ter en conta o tipo de texto en que aparecen. Deste xeito, foi posible diferenciar os seguintes campos semánticos:

- Ciencia. Neoloxismos relacionados con conceptos científicos, dividido nos seguintes subcampos: biomoléculas (as relacionadas coa actividade biolóxica), moléculas (as non conectadas, a priori, coa actividade biolóxica

e si coa química ou a física), doenzas, ecoloxía, psicoloxía, conceptos teóricos (vinculados á actividade científica e ao método científico, máis que a un campo en concreto), astronomía e outros.

- Social. Neoloxismos enlazados coa sociedade e a súa actividade, dividido nos seguintes subcampos: pobos (ligados ás cuestións identitarias e tradicionais dos pobos), xénero (relacionados coa loita feminista ou co colectivo LGTBIQ+), socioloxía (acaroados a temas xerais das relacións humanas, emocións e actividade humana) e obras (relacionados con autores ou obras culturais de distinto tipo).
- Política. Neoloxismos relacionados coa actividade política, partida nos seguintes subcampos: ideoloxía (enlazados con ideoloxías concretas), goberno (relacionado coa actividade gobernamental), persoeiros políticos (xurdidos de nomes propios de políticos ou organizacións políticas), cargos (enlazados con cargos políticos) e outros.
- Tres campos semánticos sen subcampos: informática, economía e deportes.
- Un último campo semántico, sen subcampos, de carácter xeral, para acoller as formas neolóxicas que non encaixan en ningún dos mencionados.

Tamén foi descrita a estrutura grafo-fonolóxica dos neoloxismos identificados, mediante unha variable exclusiva, a cal permitiu distinguir entre tres tipos de neoloxismos: os neoloxismos léxicos (formados por un único compoñente gráfico), os neoloxismos unidos por un trazo (habitualmente un guión) e os neoloxismos compostos por dúas ou máis unidades gráficas separadas. Deste xeito, no caso dos neoloxismos formados por composición, foi posible analízalos diferenciando entre compostos propios (unidos grafo-fonoloxicamente) e compostos sintagmáticos ou improprios (compostos por unidades separadas graficamente).

Así mesmo, considerouse interesante ter unha noción do uso que cada neoloxismo ten na lingua estudada, e dende que momento comezaron os rexistros do seu uso. Iso foi posible por medio da definición de dúas variables, unha delas para gardar a primeira aparición do neoloxismo nos corpus de referencia descritos na subsección 2.2, e a outra para aloxar o número total de aparicións nes corpus de referencia. Evidentemente, o cálculo das dúas variables realizouse procurando cada neoloxismo nos corpus de referencia. No caso do éuscaro, déuselle prioridade ao corpus Egungo Testuen Corpora e incorporáronse os datos do corpus Garaterm unicamente nos casos en que o neoloxismo non presentaba ningunha aparición no primeiro corpus.

Para rematar, as formas interferentes atopadas foron analizadas con menor detalle, posto que a súa análise non entraba nos obxectivos principais desta investigación. Por cada forma interferente inferíronse a lingua de procedencia e a categoría gramatical, permitindo dese xeito unha comparación simple mais suficiente das formas interferentes entre as linguas estudadas.

2.5. Soporte técnico

Co fin de realizar o estudo creouse unha base de datos relacional para gardar a análise morfosintáctica de cada forma neolóxica de xeito ordenado. Para iso, empregouse o xestor SQLite, por ser, entre outras razóns, un sistema xestor simple e de dominio público que facilita a reprodución dos resultados deste traballo. A base de datos estrutúrase en catro táboas de datos: un para gardar as fontes, outra para os lemas neolóxicos, outra para os lemas interferentes e unha última para listar cada aparición de formas neolóxicas ou interferentes. As variables explicadas na subsección 2.4 foron representadas nas devanditas táboas.

3. Resultados

Despois de explicar os detalles metodolóxicos do traballo de investigación, nesta sección preséntanse os resultados. Primeiro os xerais e, posteriormente, dedícaselle un apartado a cada procedemento principal de formación de neoloxismos.

3.1. Xerais

Con ánimo de ofrecer unha vista xeral dos resultado do traballo, na Táboa 2 expónse o número de formas neolóxicas e interferentes identificadas no corpus de investigación.


Lingua	Tipo de texto	Formas (ocorrencias)	Neoloxismos (lemas)	Interferencias (lemas)
Galego	Prensa	120 (0,66%)	91 (0,50%)	11 (0,06%)
	Divulgación	195 (0,58%)	103 (0,30%)	19 (0,06%)
	Total lingua	315 (0,61%)	194 (0,37%)	30 (0,06%)
Éuscaro	Prensa	142 (0,71%)	74 (0,37%)	42 (0,21%)
	Divulgación	158 (1,02%)	89 (0,57%)	2 (0,01%)
	Total lingua	300 (0,85%)	163 (0,46%)	44 (0,12%)
Total		615	357	74

Táboa 2: Número de formas neolóxicas e interferentes atopadas no corpus de investigación, segundo a lingua e tipo de texto.

A terceira columna da Táboa 2 indica o número total de aparicións dos neoloxismos e interferencias, mentres que a cuarta e a quinta columna ofrecen o número de neoloxismos e interferencias distintas identificadas, respectivamente. É observábel que tanto nos textos de prensa coma nos divulgativos de calquera lingua dificilmente se chega ao 1% do total de palabras analizadas. Aínda que o éuscaro semella que ten unha frecuencia de neoloxismos e interferencias, en proporción, maiores que o galego, a diferenza é mínima e pode deberse a sutís distincións temáticas nas fontes escollidas.

3.1.1. Procedementos de formación

Como primeiro achegamento á análise contrastiva entre as linguas, comparáronse os procedementos de formación de neoloxismos máis habituais. Un plano xeral das diferenzas e semellanzas entre as dúas linguas pódese ver na Imaxe 1.



Imaxe 1: Frecuencia de cada procedemento de formación de neoloxismos, segundo a lingua e tipo de texto.

Existen diferenzas relevantes, visibles na Imaxe 1, entre o éuscaro e o galego na formación de neoloxismos. Os neoloxismos formados por derivación son maioritarios no galego (un 47,42% do total de neoloxismos derivativos), en cambio, os neoloxismos formados por composición predominan no éuscaro (un 41,1% dos neoloxismos atopados). Amais, o número de neoloxismos por composición en galego dista moito do número de neoloxismos por derivación, pese a que sexa o segundo procedemento máis empregado (un 25,26%). Acontece o inverso no éuscaro, os neoloxismos formados por derivación son case a metade dos formados por composición (un 22,09%). Tamén se poden observar diferenzas no número de empréstitos entre as dúas linguas: no éuscaro atopáronse máis (un 28,22%) que no galego (un 21,65%).

Por outra banda, na Imaxe 1 tamén se pode ver que o tipo de texto non inflúe transcendentemente na frecuencia de uso dun ou doutro procedemento de formación. Pódese dicir que os neoloxismos de textos divulgativos adoitan ser máis na maioría de procedementos de formación, pero lémbrese que en termos globais tamén son máis os neoloxismos de textos divulgativos. É de destacar que os neoloxismos formados por procedementos máis minoritarios son máis frecuentes en textos de prensa no caso vasco, en contraste coa lingua galega, na que son máis frecuentes en textos divulgativos.

3.1.2. Presenza dos neoloxismos nos corpus de referencia

Por cada lema neoloxico procuráronse as aparicións do mesmo nos corpus de referencia, para así revisar se o neoloxismo é completamente innovador ou xa entrou na lingua anos atrás. A Táboa 3 mostra as tendencias xerais nese sentido.

Variable	Galego			Éuscaro		
	Prensa	Divulgación	Total	Prensa	Divulgación	Total
N.º -10	23 (25,27%)	44 (42,72%)	67 (34,54%)	5 (6,75%)	13 (14,61%)	18 (11,04%)
N.º 11-39	13 (14,29%)	10 (9,71%)	23 (11,85%)	9 (12,16%)	12 (13,48%)	21 (12,88%)
N.º 40+	7 (7,69%)	5 (4,85%)	12 (6,18%)	9 (12,16%)	16 (17,98%)	25 (15,33%)
Sen rexistros	48 (52,75%)	44 (42,72%)	92 (%47,42)	51 (68,92%)	48 (53,93%)	99 (60,73%)


Táboa 3: Número de formas neoloxicas segundo o número de aparicións nos corpus de referencia descritos na sección 2.2.

A segunda fila da Táboa 3 indica o número de neoloxismos en que se atoparon como máximo dez aparicións previas nos corpus de referencia. A terceira fila traslada a cantidade de neoloxismos con entre 11 e 39 aparicións nos devanditos corpus, a cuarta fila a cantidade con 40 ou máis aparicións e a quinta manifesta o número de neoloxismos que non rexistra ningunha aparición nos corpus. Na referida táboa obsérvase que a maioría dos neoloxismos atopados neste traballo non están documentados nos corpus de referencia, no caso do galego o 47,42% e o 60,73% no caso do éuscaro. Conclúese, entón, que os resultados deste traballo se obtiveron sobre neoloxismos moi recentes en ambas as linguas.

Non obstante, hai diferenzas entre as linguas, sobre todo nos neoloxismos que teñen unha presenza mínima nos corpus de referencia (menos de 10 aparicións): o 34,54% do total dos neoloxismos galegos fronte ao 11,04% dos éuscaros. Unha explicación posible é que os textos galegos fan un uso maior dalgúns neoloxismos, o cal os leva a ser rexistrados máis rapidamente nos corpus de referencia. Mais non é posible rexeitar que a diferenza sexa debida ás características dos corpus.

3.1.3. Campos semánticos dos neoloxismos

Outra vertente que se foi investigando neste traballo son os campos semánticos dos neoloxismos. Definidos na subsección 2.4, a Imaxe 2 mostra a cantidade de neoloxismos clasificados en cada campo.



Imaxe 2: Cantidade de neoloxismos pertencentes a cada un dos campos semánticos descritos na sección 2.4, indicados en porcentaxes respecto ao número total de neoloxismos.

As diferenzas da Imaxe 2 débense, en boa medida, ás temáticas desenvolvidas en cada texto do corpus de investigación. Así, en éuscaro dominan os campos semánticos da ciencia e o social, mentres que en galego o fan a ciencia e a política.

Nas seguintes seccións examinaranse os neoloxismos separadamente en catro grupos, un por cada procedemento de formación: neoloxismos por derivación, por composición, empréstitos e outros procedementos. En cada un deles vanse facer comparacións sobre os campos semánticos visualizados na Imaxe 2.

3.2. Neoloxismos por derivación

Dentro dos neoloxismos derivados, encóntranse os creados por prefixación, por sufixación e por parasítese, cuxa frecuencia é ilustrada na Táboa 4.


Tipo de derivación	Galego			Éuscaro		
	Prensa	Divulgación	Total	Prensa	Divulgación	Total
Prefixación	15 (30%)	31 (63,26%)	36 (36,36%)	3 (20%)	11 (52,38%)	14 (38,89%)
Sufixación	31 (62%)	13 (26,53%)	44 (44,44%)	12 (80%)	8 (38,09%)	20 (55,56%)
Parasítese	4 (8%)	5 (10,2%)	9 (9,09%)	0	2 (9,52%)	2 (%5,56)
Total	50 (50,51%)	49 (49,49%)	99	15 (41,67%)	21 (58,33%)	36

Táboa 4: Estatísticas dos neoloxismos derivativos atopados, segundo a lingua e o tipo de texto.

Comezando polos valores totais, a Táboa 4 mostra que a frecuencia de uso total da prefixación (36,36% do total de neoloxismos derivativos galegos, 38,89% dos éuscaros) é semellante nas dúas linguas, e que existen diferenzas pequenas no uso da sufixación (44,44% e 55,56%, respectivamente). Mais considerando o tipo de texto, xorden diferenzas importantes. No galego os neoloxismos derivativos atópanse equilibrados entre os textos de prensa e divulgativos; en cambio, en éuscaro atópanse maioritariamente en textos divulgativos. Amais, a prefixación ten unha presenza menor en textos de prensa éuscaros (20% dos neoloxismos derivativos

éuscaros de prensa), en contraste coa sufixación, que é maioritaria (80%). Nos textos de prensa galegos, a sufixación non ten tanto peso (62%). Así mesmo, a parasíntese posúe un uso minoritario en galego (o 9,09%), máis maior que no éuscaro (5,56%). Como semellanza, a prefixación é maioritaria entre os neoloxismos derivativos dos textos de divulgación, nas dúas linguas.

En canto á categoría gramatical que adquiren os neoloxismos formados por derivación, en éuscaro adoitan ser maioritariamente nomes (18 – 50% dos neoloxismos por derivación) e en galego adxectivos (44 – 47,83%). Non hai fortes diferenzas neste punto: en éuscaro atopáronse 15 adxectivos (41,67%) e 3 verbos (8,22%); en cambio, en galego 36 nomes (39,13%) e 12 verbos (13,04%).



Imaxe 3: Porcentaxe de neoloxismos derivativos pertencentes a cada campo semántico.

Os campos semánticos dos neoloxismos derivados non amosan grandes diferenzas respecto ao esperado (cfr. a Imaxe 3 coa Imaxe 2). Pódese dicir que tanto en éuscaro como en galego faise un uso extenso dos neoloxismos derivados nos campos semánticos máis frecuentes do corpus de investigación, principalmente o científico en ambas as linguas e o campo social en éuscaro e o político en galego.

3.2.1. Prefixación

Os neoloxismos por prefixación atopados na lingua éuscara son en total 14, dos cales 7 son nomes, 6 adxectivos e un verbo. Na lingua galega acháronse 17 nomes, 14 adxectivos e 8 verbos. Nas dúas linguas a categoría gramatical do compoñente ao que se lle engade o prefixo adoita determinar a categoría gramatical do neoloxismo, agás en casos contados, como *antivacina* (adxectivo que xorde do nome *vacina*). O campo semántico máis abondoso dos neoloxismos éuscaros por prefixación é a ciencia (64,29% do total) e nos neoloxismos galegos tamén (38,24%), seguido dun peso relevante do campo xeral e da política (25,64% e 17,95% do total, respectivamente). Nótase que o peso do campo científico é moito maior en éuscaro.

No tocante aos prefixos máis abondosos, no éuscaro sobresaen as formas provenientes de linguas romances, non propias: *super-* (*supererraldoi*, *superzelda*,

superkondentsadore), *meta-* (*metaanálisi*), *multi-* (*multimilioidun*), *pluri-* (*pluripotente*), *poli-* (*poligeniko*) e *des-* (*desfortzu*). Débese subliñar que os compoñentes prefixados tamén son na súa maioría palabras etimoloxicamente procedentes de linguas latinas. Os prefixos propios son minoría, aínda que tamén produzan algún neoloxismo: *bir-* (*birkonexio*), *aurre-* (*aurre-entrenatu*) e *erta-* (*ertamerikar*). Isto pódese explicar coa escasa tradición do éuscaro na utilización de prefixos.

Pola súa parte, no galego destacan os prefixos *re-* (9 neoloxismos), *anti-* (4 neoloxismos) como os prefixos máis rendibles, en varios campos semánticos: *reindustrialización*, *reemerxencia*, *remostraxe*, *redirixir*, *reinventar*, por unha banda e *antifraude*, *anti piñeirista* ou *anticapitalista* pola outra. Tamén destaca o prefixo *auto-* (4 neoloxismos), con exemplos como *autoengano* ou *auto-emprego*. Outros prefixos encontrados son *meta-* (*meta-análise*), *ultra-* (*ultramillonario*), *ex-* (*exmembro*), *sub-* (*subproxecto*), *poli-* (*poliamor*) e *pseudo-* (*pseudocientífico*), entre outros. Fica patente, pois, a maior extensión semántica que amosa a prefixación no galego.

3.2.2. Sufixación

Respecto aos neoloxismos por sufixación, atopáronse 20 en éuscaro: 10 nomes, 8 adxectivos, e 2 verbos. No galego o número é superior, 44 neoloxismos: 15 nomes, 26 adxectivos e 3 verbos. Resalta que nesta última lingua a abundancia na creación de adxectivos, que supera a produción de nomes. A diferenza do que acontece na prefixación, o compoñente sufixado non determina en moitos casos a categoría gramatical final dos neoloxismos, posto que moitos sufixos modifican a categoría cara a unha determinada, en ambas as linguas.

En éuscaro, por oposición ao que ocorre na prefixación, a maioría dos neoloxismos están formados con sufixos propios: *-dun* (*sinbolikotasun*, *mikrofonodun*, *zikadun*), *-ar* (*denisovar*, *ponto-kaspiar*), *-keria* (*ustezkokeria*, *ikusiezinkeria*), *-tasun* (*sinbolikotasun*, *queertasun*), *-tzaile* (*estigmatizatzaile*, *patologizatzaile*) etc. Tamén se atoparon formas xurdidas a partir de sufixos adquiridos de linguas latinas: *-iko* (*ekosistemiko*, *diasporiko*), do latín *-icus*, e *-zazio* (*uberizazio*), do latín *-tio*. Ambos os tipos de sufixos empréganse para formar palabras de varios campos semánticos, como se pode observar nos exemplos proporcionados. Con todo, nos neoloxismos sufixados éuscaros o campo científico da ciencia non é o máis rendible, a diferenza do que acontece nos outros tipos de neoloxismos, xa que representa unicamente o 20% dos neoloxismos, moi de costas do campo semántico social (50%), o máis rendible nos neoloxismos sufixados.

Os sufixos máis abondosos en galego son *-ista* (*capacitista*, *rosonista*, *desarrollista*), *-ismo* (*decisionismo*, *excepcionalismo*), *-ar* (*virtualizair*, *mutualizar*), *-ico* (*cardiolóxico*, *mediático*), *-or* (*valorador*) e *-ade* (*nosidade*), entre outros. Sobresae o uso de neoloxismos sufixados no campo semántico da política (un 43,18% do total é deste campo semántico), por enriba da ciencia (18,18%) e o social (13,64%). Pódese concluír, por iso, que nas dúas linguas os neoloxismos sufixados non pertencen na súa

maioría ao campo semántico da ciencia, pese a que nos neoloxismos derivativos en conxunto ese campo sexa o maioritario, como é visíbel na Imaxe 3.

3.2.3. Parasíntese

Conforme aos resultados obtidos neste estudo, a parasíntese é un procedemento de formación neolóxica moi pouco rendíbel no éuscaro, polo menos en comparación co galego. Mentres que no éuscaro se localizaron unicamente 2 neoloxismos parasintéticos (un nome e un adxectivo), en galego encontráronse 9 (4 nomes, 4 adxectivos e 1 verbo). Unha posible explicación pode ser a tradicional escaseza de prefixos da lingua éuscara, os cales impulsan a creación parasintética. Mostra diso pode ser que ambos os neoloxismos parasintéticos éscaros pertencen ao campo semántico da ciencia (*foto-termokatalisi* e *neurobiologiko*), o campo en que, segundo os resultados das seccións previas, abunda máis a prefixación nos textos éscaros. Pola contra, a lingua galega brinda exemplos de parasíntese máis diversos: *salpementar*, *autoxestionado* ou *monoclonal*.

Neste procedemento de formación ten un peso moi relevante o campo semántico da ciencia, como xa se viu nas formas éscaras, mais tamén nas galegas, representando o 44,44% do total. Os sufixos máis utilizados neste procedemento na lingua galega son *-ar* (*biomolecular*, *salpementar*), *-ado* (*ultraprocesado*, *autoxestionado*) e *-mento* (*afortalemento*). No tocante aos prefixos, obteñen protagonismo os prefixos *re-* (*recanalizador*) e *de-* (*defaunación*), entre outros. Nótese que eses prefixos e sufixos tamén son rendíbel na prefixación e a sufixación.

3.3. Neoloxismos por composición

Para fornecer unha comparación xeral entre o galego e o éuscaro da súa produción neolóxica mediante composición, a Táboa 5 reúne o número de neoloxismos atopados no corpus de investigación, coas súas respectivas porcentaxes.

Tipo de composición	Galego			Éuscaro		
	Prensa	Divulgación	Total	Prensa	Divulgación	Total
Cultos	1 (5%)	1 (3,45%)	2 (4,08%)	1 (3,45%)	3 (7,89%)	4 (5,97%)
Híbridos	7 (35%)	20 (68,96%)	27 (55,10%)	7 (24,14%)	8 (21,05%)	15 (22,39%)
Patrimonial	12 (60%)	8 (27,59%)	20 (40,82%)	21 (72,41%)	27 (71,05%)	48 (71,64%)
Total	20 (40,82%)	29 (59,18%)	49	29 (43,28%)	38 (56,72%)	67

Táboa 5: Estatísticas dos neoloxismos compostos atopados, segundo a lingua e o tipo de texto.

A comparación entre os tipos de texto amosa diferenzas sobre todo na lingua galega, non así na éuscara. A proporción dos neoloxismos cultos mantense igual en textos de prensa e de divulgación, en ambas as linguas. Non obstante, os neoloxismos híbridos son maioría entre os neoloxismos compostos dos textos divulgativos galegos (68,96% do total de neoloxismos compostos), e os patrimoniais son maioría nos textos de prensa galegos (60%). Non acontece o mesmo nos textos

éuscaros, onde sempre predominan os neoloxismos compostos patrimoniais. En números totais, no galego son máis abundosos os compostos híbridos (55,10% do total de compostos) e os patrimoniais en éuscaro (71,64% do total). Isto entra dentro do esperado, pois o éuscaro, ao non ser unha lingua de orixe grecolatina, é lóxico que non se valla en exceso de partículas cultas alleas á súa tipoloxía lingüística.

Para proseguir coa análise, é imprescindible diferenciar entre compostos patrimoniais sintagmáticos e léxicos. Mentres que os primeiros son neoloxismos sen unha unión grafo-fonolóxica, compostos por compoñentes escritos separadamente –por exemplo, *deserto alimentar*–, os segundos si contan cunha unión grafo-fonolóxica, ao seren escritos mediante unha soa palabra ortográfica –por exemplo, *cerebrovascular*–.


Tipo de composición	Galego			Èuscaro		
	Sen unión	Con signo	Unión	Sen unión	Con signo	Unión
Culta	0	0	2 (100%)	0	0	3 (100%)
Híbrida	1 (3,7%)	0	26 (96,3%)	0	2 (13,33%)	13 (86,67%)
Patrimonial	13 (65%)	2 (10%)	5 (25%)	19 (39,58%)	20 (41,67%)	9 (18,75%)
Total	14 (28,6%)	2 (4,08%)	33 (67,35%)	19 (28,36%)	22 (32,83%)	26 (38,8%)

Táboa 6: Estatísticas dos neoloxismos compostos, segundo a súa unión grafo-fonolóxica.

Un dos puntos importantes que cómpre subliñar da Táboa 6 é que o éuscaro se serve dun trazo de puntuación, do guión pequeno (-), para formar neoloxismos compostos nunhas cantidades moito maiores que o galego: un 32,83% dos neoloxismos compostos do éuscaro emprega o guión pequeno, fronte ao 4,08% dos neoloxismos galegos. Exemplo diso son neoloxismos coma *barne-berritze*. Seguindo o criterio de Gómez Clemente / Rodríguez Guerra (2003), tales neoloxismos débense considerar como pertencentes a un nivel intermedio entre os improprios (os que non teñen ningún nexo ortográfico) e os propios (os que si o teñen), xa que existe unha unión gráfica explícita entre os compoñentes que os conforman.

Dentro dos compostos patrimoniais (fila 4 da Táboa 6), atopáronse máis patrimoniais propios en galego que en éuscaro (25% fronte a 18,75%). Con todo, sumando a ese número os neoloxismos improprios pero unidos por medio dun trazo gráfico, a lingua éuscara sobresa: o 60,42% dos neoloxismos patrimoniais éuscaros fronte ao 35% dos galegos. É dicir, os neoloxismos improprios puros –sen nexos gráficos– son moito máis frecuentes en galego (65% do total) que en éuscaro (39,58%), o cal é sinal da importancia da composición patrimonial na formación neolóxica éuscara.

Para rematar, tamén se estudaron os neoloxismos compostos dende a óptica dos campos semánticos. A Imaxe 4 compara os campos semánticos máis abundantes nas dúas linguas.



Imaxe 4: Porcentaxe de neoloxismos compostos pertencentes a cada campo semántico.

Comparando a Imaxe 4 coa Imaxe 2, nótanse diferenzas interesantes. Mentres que nos neoloxismos derivativos éuscaros (Imaxe 2) o campo semántico maioritario é o científico, cunha elevada diferenza, nos neoloxismos por composición é o campo semántico social (Imaxe 4). Cos neoloxismos galegos acontece o efecto inverso, o campo da política contaba con gran destaque entre os neoloxismos derivativos (case á par do científico, o maioritario), mentres que nos compostos o campo da ciencia sobresa e acentuadamente entre os demais. O uso elevado de compostos híbridos en galego, e a relación palpable entre a prefixación e o campo semántico da ciencia en éuscaro, semellan impulsar esta dinámica inversa entre as dúas linguas.

3.3.1. Composición patrimonial

Os compostos patrimoniais atopados son na súa maioría nomes, 45 en éuscaro (o 93,75% dos compostos patrimoniais) e 16 en galego (80%). Os adxectivos son moi minoritarios en ambas as linguas, 3 en cada lingua e non se encontrou ningún verbo. Mentres que en éuscaro a maioría dos compostos patrimoniais foron atopados en textos de divulgación (56,25%), en galego a maioría encontráronse en textos de prensa (60%). Así e todo, a maioría dos compostos patrimoniais galegos pertencen ao campo semántico da ciencia (40%), seguido do campo do social (30%) e, en cambio, en éuscaro domina o campo semántico do social (41,67%) e en segundo posto atópase o campo da informática (22,92%).

Tipo de composición	Lingua	Cantidade	Exemplos
Nome + Nome	Éuscaro	26 (54,17%)	<i>Genero-ideología, bake-leku, transfeminista, sarrerako testu, bikote-desira</i>
	Galego	2 (10%)	<i>Cámara-trampa, palabra-semente</i>
Nome + Adxectivo	Éuscaro	15 (31,25%)	<i>Adimen artifizial sortzaile, grazibako, preskriptore ideologiko, bizitza emozional</i>
	Galego	16 (80%)	<i>Violencia obstétrica, marcador molecular, cerebrovascular, craniofacial, oligarcarca</i>

Verbo + Nome	Éuscaro	3 (6,25%)	<i>Induskailu, esnatze-agindu, itzulgune</i>
Outros	Éuscaro	4 (8,33%)	<i>Ezdakitzenbatgarren, jaiotzetikako identitate, barne-berritze, gurutzatze sozial</i>
	Galego	2 (10%)	<i>Malchamado, economía dos algoritmos</i>

Táboa 7: Combinacións máis comúns de compoñentes –con indicación da categoría gramatical– para formar neoloxismos compostos.

A Táboa 7 mostra que nos compostos patrimoniais éuscaros predomina a combinación entre dous nomes, a diferenza do que acontece en galego, onde predomina a combinación entre un nome e un adxectivo. Aínda así, en éuscaro tamén é habitual a combinación entre un nome e un adxectivo, en moitas ocasións, tendo o segundo compoñente un sufixo pertencente ás linguas latinas: *biodibertsitate genetiko, hirigintza taktiko, larrialdi linguistikoko* ou *burujabetza teknologiko*, en todos eles está presente no compoñente adxectivo o sufixo *-iko*, proveniente do latín *-icus*. Destacan algunhas combinacións en éuscaro non presentes en galego, posible proba da súa maior diversidade á hora de formar neoloxismos compostos: verbo + nome, adxectivo + nome (*jaiotzetikako identitate*), nome + verbo (*barne-berritze*). Porén, a limitación dos datos fai difícil obter unha conclusión irrefutable.

3.3.2. Composición híbrida e culta

Nos compostos híbridos atopados, a lingua galega amosa unha maior riqueza verbo das categorías gramaticais dos neoloxismos, con 17 nomes (62,96% do total dos compostos híbridos), 8 adxectivos (29,63%) e 2 verbos (7,41%). En éuscaro a maioría tamén son nomes, 11 (73,33%), e atopáronse 4 adxectivos (26,67%), mais ningún verbo. Nas dúas linguas os neoloxismos híbridos son máis abondosos en textos divulgativos, sobre todo no galego (o 74,07%) e tamén pertencen maioritariamente ao campo semántico da ciencia, con ampla diferenza respecto aos demais campos semánticos considerados: o 53,33% dos compostos híbridos éuscaros pertencen a ese campo semántico, e o 66,67% dos galegos.

O patrón de composicións é semellante en ambas as linguas. A combinación máis habitual é entre un prefixo culto e un nome patrimonial (10 en galego e 9 en éuscaro), seguido pola combinación entre un prefixo culto e un adxectivo patrimonial (8 en galego e 4 en éuscaro). Exemplos dos mesmos son *morbimortalidade, neuroenvellecemento e macrocontrato* en galego e *nanoplastiko, termopolimero e neurodibertsitate* en éuscaro (coa combinación formante + nome); e *tecnofeudal e autoadministrable* en galego e *sozioekologiko e filokomunista* en éuscaro (coa combinación formante + adxectivo). O patrón diferénciase no uso de formantes cultos como segundo elemento, e o galego é o que máis combinacións emprega (6, tanto con nomes coma con adxectivos), por exemplo, *sensografía* ou *rusofobia*. En contraste, en éuscaro tan só se atopou unha combinación de nome + formante culto: *queerfobo*. Esta diferenza pódese deber ao menor uso de compostos híbridos do éuscaro.

As partículas cultas máis empregadas en galego son, nesta orde, *bio-* (*biopelícula*) e *neuro-* (*neurociencia*). En éuscaro destacan *mikro-* (*mikro-ultraeskuin*) e tamén *auto-*

(*autoerregulazio*) e *neuro-* (*neurogarapen*). Entre os formantes como segundo elemento atopáronse formas como *-fono* (*rusófono*), *-loxía* (*vacinoloxía*), *-fobo* (*tránsfobo* ou *queerfobo*) e *-grafía* (*sensografía*), entre outros.

Con relación á composición culta, é a máis minoritaria entre as tres formas de composición, nas dúas linguas. Atopáronse tan só algúns exemplos soltos, deses 4 en éuscaro (*birologo*, *panzootia*, *topofilia* e *kronografo*) e 2 en galego (*pirófilo* e *magnetograma*). Debido á escaseza de datos, foi imposible extraer conclusións sobre posibles diferenzas interlingüísticas.

3.4. Empréstitos

Segundo o visto na sección metodolóxica, neste traballo distinguíronse tres tipos de empréstitos, consonte o nivel de adaptación na lingua receptora: os adaptados (fonética ou graficamente), os neutros (sen ningunha adaptación aparente, pero tamén sen trazos alleos á lingua) e os non adaptados (aqueles con trazos grafo-fonéticos alleos á lingua). A Táboa 8 compara o estado xeral das dúas linguas.


Tipo de empréstito	Galego			Éuscaro		
	Prensa	Divulgación	Total	Prensa	Divulgación	Total
Adaptado	3 (16,67%)	10 (41,67%)	13 (30,95%)	11 (55%)	9 (34,61%)	20 (43,48%)
Neutro	3 (16,67%)	8 (34,78%)	11 (26,19%)	3 (15%)	5 (19,23%)	8 (17,39%)
Non adaptado	12 (66,67%)	6 (26,09%)	18 (42,86%)	6 (30%)	12 (46,15%)	18 (39,13%)
Total	18 (42,86%)	24 (57,14%)	42	20 (43,48%)	26 (56,52%)	46

Táboa 8: Estatísticas dos empréstitos atopados, segundo a lingua e o tipo de texto.

Na Táboa 8 pódese observar que a distribución de empréstitos nos textos de prensa e divulgación é case idéntica en ambas as linguas (véxase a fila 5), sendo máis abondoso o uso de empréstitos, por unha marxe pequena, nos textos de divulgación. As diferenzas tamén son escasas, en termos relativos, no número de empréstitos non adaptados (39,13% dos empréstitos totais en éuscaro e 43,9% no galego son non adaptados). Non obstante, o éuscaro tende a facer adaptacións máis visibles, segundo o esperado, pola súa diferente tipoloxía lingüística respecto das linguas prestadoras máis recorrentes: o 43,48% dos empréstitos éuscaros posúe algunha adaptación grafo-fonolóxica visible, fronte ao 30,95% dos empréstitos galegos. Destaca que se atoparon máis empréstitos non adaptados galegos en textos de prensa que nos divulgativos (12 empréstitos non adaptados en textos de prensa, fronte aos 6 dos textos de divulgación), a diferenza do que acontece en éuscaro (6 atopados en textos de divulgación, 12 en textos de prensa).

Tanto no galego coma no éuscaro, a lingua prestadora máis frecuente é o inglés, co 64,29% do total dos empréstitos galegos provenientes desa lingua e o 45,24% dos empréstitos éuscaros. En segundo lugar atópase o castelán, co 11,9% dos empréstitos en galego e o 35,71% en éuscaro. Tamén se atoparon empréstitos do portugués (4,76%) e do francés (2,38%) en galego. Consideráronse como empréstitos da

linguaxe científica –como nomes de medicamentos de uso habitual– o 16,67% e o 19,05% dos empréstitos atopados no galego e no éuscaro, respectivamente.



Imaxe 5: Porcentaxe de empréstitos pertencentes a cada campo semántico.

Analizando os campos semánticos por medio da Imaxe 5, pódese deducir que o campo semántico da ciencia é o máis frecuente dentro dos empréstitos en ambas as linguas, máis en galego ca en éuscaro. Toma relevancia o campo social no éuscaro (30,43%) e o político en galego (19,05%). Esta distribución entra dentro do esperado (véx. Imaxe 2). Con todo, tamén é frecuente na lingua éuscara o uso dos empréstitos no campo da informática (21,74%), notoriamente máis que nos neoloxismos derivativos (8,33%) e nos compostos (16,42%), lembrando o amosado nas Imaxes 3 e 4. A relevancia dos empréstitos no campo da informática tamén é visible en galego (7,14%), máis que nos neoloxismos derivativos e compostos.

As categorías gramaticais dos empréstitos amosan unha distribución semellante nas dúas linguas, cunha maioría de nomes (arredor do 80% en ambas as linguas), seguidos por adxectivos (10,87% en éuscaro, 16,67% en galego) e por verbos, só en éuscaro (6,52%). Non se achou unha maior tendencia a adquirir empréstitos dunha ou doutra categoría gramatical ou a adaptalos segundo a categoría.

3.4.1. Adaptados

Na lingua éuscara atopáronse case por igual en textos de prensa e divulgación, como se amosa na Táboa 8, mais o campo semántico ao que pertencen é maioritariamente o social (50%), seguido polo científico (40%) e o político (10%). Considerouse que a maioría provén do castelán (55%) e neles destacan formas relacionadas coa identidade de xénero: *drag izen*, *marikonizatu*, *transmaribollo* ou *bollerizatu*. Tamén se acharon empréstitos do castelán no ámbito da ciencia: *modelizazio* ou *magnifikatu*. En segundo lugar atópanse os empréstitos do inglés (30% dos adaptados), cuxos exemplos son *arrazializatu*, *fulgurazio* ou *domeinoma*. Sobre todo no ámbito científico, a liña de división entre os empréstitos do inglés e do

castelán é moi fina, xa que, estes últimos adoitan provir do inglés en bastantes ocasións. Por iso, as conclusións nese sentido débense tratar con cautela.

No galego a maioría dos empréstitos adaptados atopáronse en textos de divulgación (76,92%) e na súa maioría pertencen ao campo da ciencia (46,15%). Tódolos empréstitos adaptados encontrados tiñan a súa orixe na lingua inglesa. Algúns exemplos no campo da ciencia son: *firma transcriptómica*, *trazabilidade*, *cosmoxénico*, *usabilidade*, *xepante* ou *plastisfera*. Tamén se acharon noutros campos semánticos: *guerra proxy*, *financiarización*, *gramificación* e *racialización*, entre outros. Nótese que moitos dos empréstitos rematan co sufixo *-ción*, que adapta o sufixo inglés *-tion*, presentes sobre todo nos campos semánticos do social e a política, para amosar un proceso social de evolución ou adopción dun trazo característico.

3.4.2. *Sen adaptacións*

Pode ser que os empréstitos non adaptados sexan os neoloxismos máis interesantes para estudar as influencias lingüísticas e a forza de influencia das mesmas. No éuscaro a maioría dos neoloxismos non adaptados proceden do campo semántico da informática (55,56%), por exemplo *QR*, *hack*, *LLM*, *transformer* ou *prompt*. Tamén se atoparon 3 do ámbito da política: *mainstream*, *alt right* e *woke*. Na lingua galega a maioría dos neoloxismos non adaptados foron atopados no ámbito da política (38,89%), algún incluso idéntico aos atopados en éuscaro: *woke*, *MAGA*, *soft power* ou *affaire*. Encontráronse tamén dous empréstitos non adaptados (11,11% do total) do campo da informática en galego: *quantum hacking* e *machine learning*.

É indiscutíbel a influencia do inglés na prestación de neoloxismos non adaptados, nas dúas linguas case por igual, posto que o 76,47% dos empréstitos non adaptados galegos e o 92,86% dos éuscaros proveñen do inglés. Lémbrese que a diferenza entre as formas interferentes e os empréstitos non adaptados, segundo o definido na sección 2.3, é que nas formas interferentes existe unha forma léxica aceptada na lingua destino que incorpora o significado da forma interferente. Por iso, unha explicación ao dominio do inglés nos empréstitos non adaptados pode ser que é unha lingua que xera novos significados e significantes a escala mundial, valéndose do seu status de lingua internacional, e que despois linguas coma o éuscaro ou o galego absorben facendo por veces pequenas modificacións. Non obstante, tamén pode influír a maior tradición que existe nas dúas linguas de adaptar neoloxismos provenientes do castelán, a causa do efecto de contacto lingüístico que teñen dende hai séculos, o cal non acontece co inglés.

3.5. *Outros neoloxismos*

Para rematarmos o estudo, ao longo del tamén se atoparon outro tipo de neoloxismos, non mencionados ata agora. Uns deles son os neoloxismos semánticos, que consisten en que un significante xa existente no corpus de

exclusión lexicográfica adquiriu un novo significado. No éuscaro encontráronse 11 e no galego 5. Algúns exemplos en éuscaro son *igeldu* ‘converterse en lentos, sen nervio’, *lerrokatze* ‘modificar un sistema intelixente para que adquiera as regras éticas sociais’, *eskaera* ‘orde que se lle dá a un modelo de linguaxe’ ou *buruhandi* ‘referencia ás persoas poderosas ou grandes inventores, de forma despectiva’. Os exemplos en galego son *cribado* ‘análise que se fai a unha poboación para comprobar a frecuencia dunha doenza’ ou *transcrito* ‘molécula que é copia do ADN’, entre outros.

Por outra parte, tamén se atoparon neoloxismos formais por abreviación e siglación, no éuscaro en ambos os casos, *sapiens* e *geltzale* (formado en contraste ás siglas JEL, antigo lema do nacionalismo vasco), entre outros. Nas dúas linguas encontrouse un reducido número de neoloxismos formados sobre outros neoloxismos, como por exemplo *macropasteira* ou *sensorizado*.

3.6. Formas interferentes

Aínda que non entraron no foco desta investigación, tamén se rexistraron no corpus formas interferentes e esta sección vaise aproveitar para expoñer algúns datos sobre elas brevemente. A maioría das formas interferentes documentadas son de textos éuscaros (44, un 59,46% do total) e en galego encontráronse 30. Resalta que no caso do éuscaro o 95,35% das formas interferentes foi atopado en textos de prensa, a diferenza do que acontece en galego, onde o 63,33% das formas interferentes se encontraron en textos divulgativos. Nas dúas linguas a maioría das formas interferentes son nomes, pero son moito máis habituais no éuscaro (70,45% do total) que en galego (43,33%). No galego tamén teñen relevancia os verbos (33,33%) e os adxectivos (23,33%) interferentes. En ambos os casos a maioría das formas interferentes son castelanismos (29 en éuscaro, 28 en galego), seguidos por anglicismos (15 en éuscaro e 2 en galego).

Unha vez feita a descrición xeral da situación, agora comentaranse algúns exemplos. No éuscaro, moitas das formas interferentes son designacións de obxectos cotiáns: **peluka*, **plumifero*, **telediario*, **errifa*, **teloi*, **poemario*, **kontenedore*, **eskama* etc. Tamén son frecuentes interferencias en adxectivos e verbos de uso habitual: **intseguritate*, **eufemistiko*, **espabilatu*, **segregatu*, **mobida*, **kontagiatu*, **interesante* etc. Todos eles son interferencias de uso normal na fala oral e adoitan empregarse para transmitir proximidade, un rexistro máis informal ou transmitir a mensaxe de xeito que o lector o interiorice máis rápido, pois estará acostumado á forma interferente debido ao seu elevado uso, maior mesmo que o da forma aceptada. Os anglicismos presentan particularidades, algún exemplos: **prime time*, **scafe room*, **ok*, **award*, **sokerra*, **memorabilia* etc. Innda que exista unha minoría de interferencias inglesas en palabras cotiáns, apréciase que adoitan empregarse para facer críticas ou emular á cultura inglesa en moitos casos, ou para nomear significados cuxos significantes éuscaros xurdiron recentemente. Unha explicación posíbel é que os falantes éuscaros non adquiriron o mesmo nivel de bilingüismo co inglés ca co castelán.

Na lingua galega obsérvase unha situación semellante. As formas interferentes castelás nomean significados comúns: **exitoso*, **galpón*, **subministro*, **picazón*, **cormorán*, **cansancio* etc. Existen tamén castelanismos de formas máis novas, como **empoderamento*. Non se atopou unha cantidade relevante de anglicismos no galego, pero os atopados seguen a norma explicada no parágrafo anterior: **litoxénico* e **city*.

4. *Conclusións*

Este estudo consistiu en construír unha base de datos formada por neoloxismos do galego e do éuscaro para realizar unha análise contrastiva sobre esa base. Neste apartado expóñense as conclusións extraídas a partir dos obxectivos trazados na subsección §1.1, xulgando os datos amosados na sección dos resultados.

4.1. *Diferenzas tipolóxicas*

O éuscaro e o galego amosan diferenzas considerables na súa produción neolóxica, atribuíbles ás súas diferenzas tipolóxicas. A máis rechamante atopouse nos procedementos de formación neolóxica, sendo o principal a derivación en galego, e a composición en éuscaro. Esta característica xa se deixaba ver no traballo de Alberdi Larizgoitia (2010). Dentro da derivación, observouse que a parasíntese é un procedemento case exclusivo do galego, que emprega a prefixación en campos semánticos máis diversos que o éuscaro e que posúe unha gran variedade de prefixos e sufixos propios. En contraposición, a prefixación en éuscaro está en gran medida reservada ao campo semántico científico e os prefixos máis rendíbles proveñen de linguas romances, aínda que, por outra parte, posúe unha gran cantidade de sufixos propios e emprégaos en diversos campos semánticos.

Pola contra, o éuscaro tende a utilizar a composición –amais de con maior frecuencia– nunha diversidade maior de campos semánticos, mentres que nas formas compostas galegas domina o uso no campo científico. Isto en gran parte débese á predominancia dos compostos híbridos dentro dos neoloxismos compostos galegos, mentres que no éuscaro son principalmente compostos patrimoniais. Ademais, o éuscaro produce unha cantidade importante de compostos patrimoniais, a priori improprios, mais unidos por medio dun trazo de puntuación, que lles proporciona unha certa unión grafo-fonolóxica. Este trazo é moi infrecuente en galego. Outra diferenza atópase nas combinacións máis habituais: en éuscaro a unión entre dous nomes –en galego infrecuente– e en galego a unión entre un nome e un adxectivo –frecuente en éuscaro–.

Estas diferenzas tipolóxicas asócianse co feito de que no galego o procedemento de formación neolóxica máis rendíbel, máis espontáneo entre os falantes, é a derivación, mentres que no éuscaro é a composición.

4.2. Vitalidade lingüística

Nos textos galegos e éuscaros identificouse unha cantidade semellante de neoloxismos (aproximadamente un 0,4% das palabras analizadas), o cal confirma a hipótese do segundo obxectivo sinalado en §1.1. Pódese afirmar, ademais, que a maioría dos neoloxismos examinados son formais ou semánticos, arredor dun 71% en éuscaro e un 78% en galego. Estes datos apuntan a que as dúas linguas están formando neoloxismos con procedementos propios para axeitar a lingua aos tempos actuais, mostra da súa vitalidade. A diversidade de campos semánticos a que pertencen os neoloxismos tamén é sinal da adaptación destas linguas aos círculos académicos ou periodísticos, a miúdo restrinxidos en linguas minorizadas.

Por outra parte, tamén se observa que a maioría dos neoloxismos son formas moi recentes, xa que máis do 70% dos éuscaros e máis do 80% dos galegos aínda non se rexistraron ou tiveron moi poucas aparicións nos corpus lingüísticos principais. Esta gran cantidade de innovacións parece ser froito das grandes mudas sociais que están acontecendo, como se puido percibir nalgúns dos exemplos recompilados.

4.3. Influencia das linguas hexemónicas

O terceiro obxectivo trazado na subsección §1.1 falaba da influencia das linguas hexemónicas no galego e o éuscaro. Nese sentido, o número de empréstitos e interferencias atopadas foi maior en éuscaro, con pouca diferenza nos empréstitos respecto do galego, e unha diferenza máis acusada nas interferencias. Non obstante, mentres que a maioría dos empréstitos éuscaros se adapta grafofonoloxicamente, non acontece así co galego. Diso conclúese que o éuscaro semella adoptar máis empréstitos das linguas hexemónicas –moi distantes tipoloxicamente– debido quizais á súa diferenciación tipolóxica maior, mais engadindo pola mesma razón adaptacións grafofonolóxicas.

Seguindo a hipótese fornecida na subsección §1.1, foi posible comprobar que as linguas máis influentes no galego e no éuscaro son o inglés e o castelán, nesa orde respecto ao número de empréstitos. Polo cal, pódese concluír que o inglés é o maior achegador de novos significados nas dúas linguas, posiblemente, por tratarse da lingua global actual. Namentres, o castelán inflúe a nivel de formas interferentes, probablemente debido ao case total bilingüismo dos falantes do éuscaro e do galego e á hexemonía sociopolítica do castelán nas sociedades vasca e galega. Estas afirmacións tamén ficaron patentes na profusión dos empréstitos ingleses en campos innovadores como a informática. Destaca tamén que os empréstitos ingleses teñen unha maior tendencia a ser adaptados, talvez polo menor contacto lingüístico do inglés nas respectivas sociedades.

É de subliñar que a maioría dos neoloxismos atopados se situaban en temas globais –como a informática, ciencia, conflito de xénero e ideoloxías políticas globais– chegando a repetirse nalgunhas ocasións nas dúas linguas e estando

presentes os mesmos neoloxismos noutras linguas. Os neoloxismos de produción local, con significados xurdidos na propia comunidade de falantes, son minoritarios, serven como exemplo *Ruedipedia*, *igeldu*, *anti piñeirista* ou *geltzale*. Isto pode ser síntoma da globalización do mundo actual, pois pese a que o significante sexa creado con procedementos internos da lingua, na maioría dos casos o significado provén do exterior da comunidade de falantes.

Referencias bibliográficas

- Alberdi Larizgoitia, Xabier (2010): «Kalkoen eragina euskara akademikoaren garapen lexikoan: lan zuzenbideko terminologia» en X. Alberdi / P. Salaburu (coords.), *Ugarteburu Terminologia Jardunaldiak (2010)*. Euskararen garapena esparru akademikoetan. Euskal Herriko Unib. – Argitalpen Zerbitzua, 80-109.
- Boulanger, J.-C. (1989): «L'évolution du concept de NEOLOGIE de la linguistique aux industries de la langue», en Caroline de Schaetzen (ed.): *Terminologie diachronique. Actes du Colloque organisé à Bruxelles les 25 et 26 mars 1988*. Paris / Bruxelles: CILF/Ministère de la Communauté française de Belgique, 193-211.
- Cabré, Maria Teresa / Rosa Estopà (2004): *Metodología del trabajo en neología: criterios, materiales y procesos*. Papers de l'IULA. Sèrie Monografies 9.
- Carril Sánchez, Xabier (2023): «Hizkuntza gutxituen estandarizazio prozesuak: euskararen eta galizieraren kasuak hizpide», Tralaballo Fin de Grao. Euskal Herriko Unibertsitatea – Artxibo Digitala Ikerketa eta Irakaskuntza.
- Cheng, Shiyun (2018): «A Contrastive Analysis of Word Formation of English and Chinese Neologisms», *Theory and Practice in Language Studies* 8, 251-256. DOI: <http://dx.doi.org/10.17507/tpls.0802.11>
- Deroy, L. (1971): «Néologie et néologismes: essai de typologie générale», *La Banque des Mots* 1, 5-12.
- Fernández Berrocal, Ana (2020): «O elemento *auto-* como xerador de neoloxismos no galego actual», en X. A. Fernández Salgado (ed.): *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* 5. Vigo: Universidade de Vigo, 65-90.
- Fernández Berrocal, Ana (2024): «La percepció dels parlants de gallec pel que fa a les formes creades a partir de l'element *auto-* en la lingua gallega», *Terminàlia* 30, 7-15.
- Freixeiro Mato, Xose Ramón (1999): *Gramática da lingua galega III. Semántica*. Vigo: A Nosa Terra.
- Gálvez Astorayme, I. / F. R. Espinoza Bustamante / I. J. Gálvez Gálvez / M. García Rojas (2022): «Qichwa Musuq Simikuna Kamay: Neologismos pedagóxicos en el Quechua Ayacucho-Chanka», *Boletín de la Academia Peruana de la Lengua* 71, 165-195. DOI: <https://doi.org/10.46744/bapl.202201.006>.

- Gómez Clemente, Xosé M.^a / Alexandre Rodríguez Guerra (2003): «Neoloxismos na lingua xornalística galega», en X. M.^a Gómez Clemente / A. Rodríguez Guerra (coords.), *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 95-168.
- Gómez Sánchez, Alicia Fátima (2008): *Creación de neologismos en euskera. Análisis descriptivo de la terminología de la odontología en lengua vasca y propuestas para la formación de términos en los ámbitos de especialidad*. Tese de doutoramento. Euskal Herriko Unibertsitatea – Argitalpen Zerbitzua.
- Guilbert, M. Louis (1973): «Théorie du néologisme», *Cahiers de l'Association Internationale des Études Françaises* 25, 9-29.
- Lizeaga Elizalde, Irati (2017). «Euskara, galiziera eta iralanderaren hiztun berrien hizkuntza-identitatea», *BAT Soziolinguistika Aldizkaria* 102.
- Quemada, B. (1971): «A propos de la néologie: essai de délimitation des objectifs et des moyens d'action», *La Banque de Mots* 2, 137-150.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (2015): «Los neologismos de la prensa en gallego e italiano» en M. J. Domínguez *et alii* (eds.), *Lexicografía de las lenguas románicas. Aproximaciones a la lexicografía moderna y contrastiva* 2. De Gruyter, 385-409.

Recursos empregados¹

- Carballeira Anllo, X. M.^a (coord.) *et alii* (2009): *Gran dicionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- CORGA = Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades: *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) [4.1]* <https://corpus.cirp.gal/corga/>
- Elhuyar Fundazioa. (2025): *Elhuyar Hiztegia*. Usurbil: Elhuyar Fundazioa. <https://hiztegiak.elhuyar.eus/>
- ETC: Sarasola, Ibon / Pello Salaburu / Josu Landa (2023): *Egungo Testuen Corpusa*. Euskal Herriko Unibertsitatea – Euskara Institutua. <https://www.ehu.eus/etc/>
- Euskaltzaindia (2025): *Euskaltzaindiaren Hiztegia*. Bilbo: Euskaltzaindia. <https://www.euskaltzaindia.eus/hizkuntza-baliabideak/hiztegi-orokorrak>
- Ir Indo / Xunta de Galicia. *Digalego: Dicionario de Galego*. <https://digalego.xunta.gal/>
- GARATERM: *Euskararen erregistro akademikoen garapena ikertzeko lan-ingurunea*. IXA Ikerketa-taldea/Euskal Herriko Unibertsitatea. <http://garaterm-corpusa.ixaeus/>
- González González, M. (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://academia.gal/dicionario>
- OrtoGal: Seminario de Lingüística Informática / Grupo TALG. *OrtoGal*. <https://ilg.usc.gal/corrector/index.php>
- Xuxen: IXA Taldea / Elhuyar Fundazioa. *Xuxen*. <https://xuxen.eus/>

¹ Os datos empregados neste traballo, incluíndo as copias dos textos analizados e a base de datos, están dispoñibles en liña na seguinte ligazón: <https://zenodo.org/records/17067866>.